



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE A BOLA PARA AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE ZONAS LIBRES E PASEOS NO NÚCLEO DE PODENTES (ZONA 3).

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de A Bola, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2017 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de A Bola o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2018.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de A Bola, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no **“Acondicionamento de zonas libres e paseos no núcleo de Podentes – zona 3- (A Bola)”**.





5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de A Bola (Ourense) trata de promover unha actuación consistente no **“Acondicionamento de zonas libres e paseos no núcleo de Podentes –zona 3- (A Bola)”**.

Trátase do núcleo de poboación máis importante do Concello de A Bola, xa que nel se concentran os servizos sanitarios (Centro de Saúde e Farmacia), servizos de atención á terceira idade (Fogar Residencial e Centro de Día), e a maior parte do tecido comercial do Concello.

A actuación que se pretende, mellorará as condicións urbanas do núcleo favorecendo o tránsito de persoas (incluíndo melloras substanciais para persoas con mobilidade reducida) e vehículos.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2017. María Encarnación Rivas Diaz,
Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

